



Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA AO PLENO DA CORPORACIÓN

María García Gómez, voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do Concello da Coruña, presenta a seguinte **EMENDA Á PROPOSTA DE ORDENANZA PARA O USO DA LINGUA GALEGA NO CONCELLO DA CORUÑA** que figura na orde do día do Pleno da Corporación do 4 de febreiro de 2021 para a súa aprobación inicial.

Exposición de motivos

A Coruña é, efectivamente, a única das cidades galegas que chegou até hoxe sen unha ordenanza de uso da lingua galega no seu concello. Santiago de Compostela e Vigo, as máis madrugadoras, téñena dende 1988. Nas tres décadas transcorridas dende entón, sen dúbida, deberon ser varias as tentativas de emendar esa anomalía no pazo de María Pita. Durante o pasado mandato, **a iniciativa do alcalde Xulio Ferreiro e o goberno da Marea Atlántica, os traballadores e as traballadoras do Servizo de Normalización Lingüística, quen mellor coñecen a materia, elaboraron unha ambiciosa proposta** que non chegou a ser debatida pola Corporación. Lamentablemente, o grupo municipal do PSOE, daquela na oposición e cuxos votos eran necesarios, consideraba que non era o momento.

Aquela ordenanza bebía das normas que na altura estaban en vigor na Deputación da Coruña e en moitos concellos de Galicia, e incorporaba elementos novidosos a proposta do equipo técnico municipal. **Era unha excelente norma, atrevida e tecnicamente irreprochable. Por iso celebramos que non quedase nun caixón e hoxe se poida recuperar e mellorar aquel traballo con pequenas pero atinadas innovacións, e tamén que servise de inspiración outra ordenanza que viu a luz no pasado mandato, a de igualdade**, da que procede a idea de dotar o Concello dun Plan de Normalización Lingüística e dunha ferramenta de gobernanza democrática e participada para a súa implantación.

Por desgraza, aquela ordenanza de “impulso” do galego, agora meramente de “uso”, chega ao debate plenario en condicións francamente mellorables. Aprobada a pasada semana de maneira atropelada, fóra da orde do día dunha xunta de goberno local, tivo que ser ditaminada na Comisión de Facenda, toda vez que a área de Normalización Lingüística, como todas as que dependen directamente da Alcaldía, está deliberadamente privada do foro de debate e fiscalización previsto polo Regulamento Orgánico Municipal. Xestouse, ademais,

como recorda a Secretaría Xeral nun extenso informe que a oposición recibiu con atraso inxustificable, **omitindo a consulta pública previa** que prescribe a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. E vén acompañada, por último, por **informes xurídicos contraditorios**, algún deles externo a esta administración e contratado por vía de urxencia.

Especialmente **grave é a omisión do trámite de consulta previa, preceptivo, de acordo co artigo 133 mencionada Lei 39/2015**. Afecta a un **dereito básico, o da participación cidadá** no procedemento de elaboración e tramitación de disposicións normativas de carácter xeral, que non pode de ningunha maneira compensarse co período de exposición pública, e **debilita a ordenanza cunha dose engadida de inseguridade xurídica**. Cabe preguntarse, á vista de que no expediente non consta xustificación ningunha para a omisión da consulta, a que se debe esta urxencia, e **é o deber deste grupo municipal deixar constancia das consecuencias xurídicas que poden derivarse no futuro**.

Ningunha forza política da oposición participou na elaboración desta ordenanza, e ese é un mal comezo cando se pretende impulsar unha ferramenta que, na súa aplicación, vai precisar de respaldo político e certos consensos. É unha eiva que precisa ser corrixiada, e isto non debe facerse, en caso de ser aprobada inicialmente, durante o período de exposición pública, un trámite que non está pensado para quen ten voz e voto no Pleno senón precisamente, como dicimos máis arriba, para quen non o ten. É por iso que, malia ás dificultades, o déficit de información e as urxencias, decidimos elaborar unha serie de emendas co ánimo de facer a ordenanza máis útil para os fins que di perseguir.

As mudanzas que se propoñen agrúpanse en función dos seus obxectivos. O primeiro bloque pretende **ampliar ao conxunto da Corporación o compromiso** co fomento do uso do galego, **clarificar e reforzar as metas** a acadar, depurar a redacción para **evitar que a ordenanza se poida facer servir para fins distintos** dos que se declaran e asumir un **compromiso cos medios de comunicación que empregan exclusivamente a lingua galega**, o elo máis feble do sector. Co segundo, tratamos de **reforzar o papel do Servizo de Normalización Lingüística**, non só ampliando as súas funcións, senón tamén cun **horizonte orzamentario: que as políticas de promoción da lingua galega dispoñan, cando menos, do 1% dos recursos anuais do Concello**.

Co terceiro apartado tratamos de **reconducir a que, ao noso xuízo, é a parte menos madura da proposta** de ordenanza. Cremos que, **para ser máis eficaz, o futuro Plan de Normalización Lingüística debe ter unha vixencia mínima de cinco anos e non estar estritamente sometido ao ritmo que impoñen as convocatorias electorais**, que non é o máis acaído ás políticas de longo alento. Do mesmo xeito, propoñemos a **creación dun Consello Local da Lingua, no canto dunha mera comisión de seguimento de difícil encaixe regulamentario**, como advirte a Secretaría Xeral, como foro político, técnico e cívico que acompañe e dea lexitimidade ao labor que temos por diante. Por último, aproveitamos para xuntar no cuarto bloque as **correccións de erros materiais**.

Confiamos en que estas emendas, que poden mellorar a ordenanza, sexan tomadas en consideración total ou parcialmente polo conxunto dos grupos municipais que forman parte do Pleno, órgano competente, segundo o disposto pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para aprobar unha norma destas características. Nin a urxencia nin a falta de diálogo poden cimentar axeitadamente unha política coma esta, sensible, non sempre pacífica e de carácter estratéxico. Os trinta anos de demora xa non teñen remedio. Mal fariamos en empregalos para xustificar agora outro mal comezo.

Por todo o antedito, formúlanse as seguintes

EMENDAS

1.- Co obxecto de **ampliar ao conxunto da Corporación o compromiso** co fomento do uso do galego, **clarificar e reforzar as metas** a acadar e **evitar así mesmo que a ordenanza se poida facer servir para fins distintos** dos que persegue:

1.1.- Substituír o punto primeiro do artigo 1, tal e como recomenda a Secretaría Xeral do Pleno, por estouta redacción: “O galego, como lingua propia e oficial de Galicia, é idioma oficial do Concello da Coruña e *será a lingua de tramitación dos seus procedementos*”.

1.2.- Suprimir, por ser innecesario nunha ordenanza de uso do galego, o punto segundo do artigo 1.

1.3.- Substituír o punto terceiro do artigo 1 por estoutro: “O Concello da Coruña empregará e *promoverá* o galego en todas as súas accións, nas súas actuacións administrativas, na documentación, na comunicación social e nas relacións coa cidadanía e con todas as entidades situadas en Galicia, así como con aquelas que admitan o galego para as actuacións administrativas”.

1.4.- Substituír o punto segundo do artigo 2, tal e como aconsella o informe da Secretaría Xeral, polo seguinte: “Tamén se rexerán *por esta ordenanza* as empresas adxudicatarias, concesionarias ou contratadas cando actuaren en función desa adxudicación, concesión ou contrato, así como as de explotación mixta, o cal se fará constar explicitamente nos documentos que correspondan (concursos públicos, convenios, pregos de cláusulas, contratos, etc.)”.

1.5.- Substituír o punto segundo, apartado a), do artigo 4, de maneira que fiquese destoutro xeito, máis conforme á proposta do servizo: “As convocatorias de sesións de todos os órganos do Concello da Coruña, así como as ordes do día, as mocións, os votos particulares, as propostas de acordo, os ditames das comisións informativas, os rogos, as preguntas e as actas dos citados órganos do concello”.

1.6.- Suprimir, por ser innecesario nunha ordenanza que regula o uso do galego, o punto cuarto do artigo 4.

1.7.- Substituír o punto segundo do artigo 7 polo seguinte: *“Na contratación de publicidade, e sempre de acordo coa normativa, o concello procurará destinar cando menos o 25% do seu gasto aos medios de comunicación que empregan exclusivamente o galego”*.

1.8.- Suprimir, por ser innecesario e prestarse a interpretacións contrarias ao espírito da ordenanza, o punto sétimo do artigo 7.

1.9.- Substituír o punto primeiro do artigo 9 por estoutra redacción, máis acorde coa proposta do Servizo de Normalización Lingüística: *“Os membros da Corporación e o goberno municipal, así como seus os altos cargos, expresaranse en galego nos actos que tiveren lugar no ámbito lingüístico galego e nos que interviñeren en virtude do seu cargo”*.

2.- Co ánimo de **reforzar o Servizo de Normalización Lingüística** e as políticas de impulso do uso do galego:

2.1.- Engadir un novo punto no artigo 22, con esta redacción: *“O Concello procurará destinar ás políticas de normalización lingüística, sempre que sexa posible, cando menos o 1% do seu orzamento anual”*.

2.2.- Engadir, entre as funcións de “asesoramento lingüístico” previstas no punto segundo do artigo 22, a seguinte: *“V. Asesorar á administración local en todo o relacionado coa política lingüística”*.

3.- A fin de **que o Plan de Normalización Lingüística previsto na ordenaza se axuste ao marco regulamentario**, tal e como reclama no seu informe a Secretaría Xeral do Pleno, **e se vexa reforzado como ferramenta de impulso ao galego, contando coa maior participación e consenso posibles na Corporación, creando un Consello Local da Lingua e contando cunha vixencia non sometida ao calendario electoral**:

3.1.- Substituír o punto primeiro do artigo 25 polo seguinte: *“Corresponderalle á área municipal competente en normalización lingüística impulsar o PNL co maior consenso posible, tanto na Corporación como no Consello Local da Lingua”*.

3.2.- Substituír o punto primeiro do artigo 26 por estrouto: *“Correspóndelle á Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, por proposta da área municipal competente en normalización lingüística e previo debate na comisión plenaria correspondente e no Consello Local da Lingua, aprobar, modificar ou prorrogar o PNL, preferiblemente co respaldo do Pleno”*.

3.3.- Suprimir o punto segundo do artigo 26.

3.4.- Substituír a redacción do artigo 27 pola seguinte: “A vixencia de cada PNL *será como mínimo de cinco anos, agás que o propio documento sometido a aprobación prevexa unha duración menor por motivos xustificadas e cun informe da área municipal competente en normalización lingüística*”.

3.5.- Substituír o punto primeiro do artigo 30 por estoutro: “Para cumprir, velar e avaliar a aplicación desta ordenanza, *ademais da comisión plenaria correspondente, o Concello da Coruña creará un Consello Local da Lingua*”.

3.6.- Substituír, no punto segundo do artigo 30, “Comisión de seguimento e Avaliación da Ordenanza para o Uso da Lingua Galega” por “Consello Local da Lingua”, mantendo o resto do apartado coa redacción proposta.

3.7.- Substituír o punto segundo que aparece repetido no artigo 30 polo que segue: “A *Alcaldía aprobará, previo debate na comisión plenaria correspondente, un regulamento de organización do Consello Local da Lingua, en que se especificarán, entre outros, a súa composición, o número de membros e os mecanismos de coordinación con outras estruturas municipais*”.

3.8.- Substituír no punto 3 artigo 30 “comisión” por “Consello Local da Lingua”, mantendo o resto na súa redacción orixinal.

3.9.- Suprimir os puntos 4, 5, 6 e 7 do artigo 30, posto que o seu contido será obxecto do regulamento previsto no punto 2.

3.10.- Suprimir a disposición adicional, toda vez que resulta innecesaria coa creación do Consello Local da Lingua.

4.- Co obxecto de **corrixir o que parecen erros materiais** na proposta de ordenanza, sinalados tanto pola Secretaría Xeral do Pleno como pola Asesoría Xurídica do Concello:

3.1.- Substituír o punto segundo do artigo 20 polo que segue: “O Concello da Coruña porá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais *da cidade* para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega e fomentará -co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana”.

3.2.- Substituír o punto terceiro do artigo 20 por estrouto: “Todos os órganos do Concello da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito

de actuación. O Servizo de Normalización Lingüística asesorará a *Corporación* municipal nesta materia”.

3.3.- Substituír a disposición final primeira por estoutra: “Esta ordenanza entrará en vigor *quinze días despois* de que for publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”.

A Coruña, 2 de febreiro de 2021

María García Gómez
Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica